

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente de contratación nº: AL-CEI-15/2018

Obxecto do contrato: Aluguer do local 15 do Edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia

Mesa de contratación:

- Presidente: Ricardo Capilla Pueyo
- Secretaria: Noemi Lorenzo Carbajales
- Secretaria suplente: Isabel Soto Amigo
- Vogais: María Luisa Pena Nieto, Antonio Gómez Méndez, Beatriz Monfort Liniers e Beatriz González-Tejada Jácome.
- Vogal suplente: Edita Araceli Alonso Correa

Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 18/06/2018

Data de apertura pública das proposicións: 20/02/2019

Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentouse en prazo unha única proposición, da entidade VECTOR SOFTWARE FACTORY, S.L.

Segundo.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O único criterio de valoración que establece o Prego é o do prezo, adxudicándose á proposta que cumprindo os criterios de admisión achegue o prezo maior, tal e como se transcribe a continuación:

"O contrato adxudicarase a aquela oferta cuxo importe sexa maior sempre e cando alcance o Prezo base de licitación indicado no punto 5.1 do cadro de características do presente Prego.

Serán excluídas as propostas de entidades aquelas que non cumpran os criterios de admisión do Parque Tecnolóxico de Galicia que se describen no Anexo II.

En caso de que dúas ofertas presenten o mesmo prezo o contrato adxudicárase por sorteo.

En caso de que o concurso se declare deserto, PTG, S.A. poderá proceder á adxudicación directa do contrato de aluguer durante o ano posterior á declaración de deserto..”

Terceiro.- VALORACIÓN DA OFERTA ADMITIDA

A Mesa de contratación comprobou que a única oferta presentada cumpre os requisitos e que propón un prezo igual ao prezo base de licitación, polo que a oferta presentada por VECTOR SOFTWARE FACTORY S.L. foi admitida.

Cuarto.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

En vista da única proposta presentada e comprobado que cumpre cos requisitos establecidos nos correspondentes Pregos, a Mesa acordou propoñer a adxudicación do contrato para o aluguer do local 15 do edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia, expediente AL-CEI-15/2018, a VECTOR SOFTWARE FACTORY S.L.

Quinto.-

En data 21 de febreiro comunicóuselle a VECTOR SOFTWARE FACTORY S.L. a proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles, para aportar a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como aquela acreditativa de todos os extremos esixidos no prego e respecto dos que o licitador presentara unha declaración responsable, ademais de presentar a garantía definitiva correspondente en concepto de fianza por importe de dúas mensualidades de aluguer, IVE excluído.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

RESOLVE:

- 1) Adxudicar a **VECTOR SOFTWARE FACTORY S.L.** con **NIF B-83.209.015** o aluguer do local 15 do edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia, expediente AL-CEI-15/2018, conforme á súa oferta económica, por un importe de 109,25 €/mes, IVE non incluído, con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Técnicas que rexen a presente contratación.

- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante da web www.tecnopole.es e notificar esta adxudicación á adxudicataria e única licitadora.

- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución á licitadora.

En San Cibrao das Viñas 27 de febreiro de 2019.



Asdo. Patricia Argerey Vilar

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

